CA3.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Saber resolver problemas de incidencia e paralelismo, cálculo de distancias e ángulos. Cálculo de área e de volumes.		
CA3.4 - Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	Formular conxecturas xeométricas e validalas por métodos deductivos e construtivos, empregar alternativas ao uso de fórmulas das distancias		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Relacionar o conxunto de vectores e as súas operacións coas matrices. Relacionar a dependencia e independencia lineal de vectores co cálculo de determinantes		
CA4.2 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación valorando a súa utilidade para compartir información.	Saber aplicar as operacións con vectores no cálculo de certas magnitudes.		
CA4.3 - Resolver problemas en contextos matemáticos establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Saber relacionar operacións con vectores e operacións con matrices e determinantes		
CA4.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Describir con precisión o proceso seguido na resolución de problemas		
CA4.5 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Saber interpretar correctamente a solución dun problema xeométrico establecendo conclusións sobre o mesmo		
CA4.7 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Resolver problemas sinxelos de xeometría modelizando situacións da vida real		
CA4.6 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Comprobar solucións de exercicios empregando algún programa de xeometría dinámica	TI	10
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	Valorar a importancia da linguaxe xeométrica para rever problemas de carácter científico		
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Analizar e valorar as solucións obtidas na resolución dos problemas xeométricos		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Amosar unha actitude positiva cara ao traballo de aula.		
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións sau	Valorar as aportacións dos e das compañeiras dende o respecto, a colaboración e a empatía		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Xustificar de forma ordenada os pasos realizados na resolución de problemas empregando con precisión a linguaxe xeométrica		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Establecer conclusións xustificadas en función dos resultados obtidos valorando a importancia da coherencia no proceso seguido		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Sentido das operacións.- Operacións con vectores no espazo. Adición e produto de vectores e matrices: interpretación, comprensión e uso adecuado das propiedades.- Produto escalar, vectorial e mixto: definición, propiedades, interpretación xeométrica.- Medición.- Utilización dos produtos entre vectores para a resolución de problemas que impliquen medidas de lonxitude, superficie ou volume nun sistema de coordenadas cartesianas e tendo en conta o seu significado xeométrico.- Formas xeométricas de dúas e tres dimensións.- Obxectos xeométricos de tres dimensións: análise das propiedades e determinación dos seus atributos. Relación coas operacións con vectores.- Aplicación das operacións con vectores para a resolución de problemas xeométricos. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.- Localización e sistemas de representación.- Relacións de obxectos xeométricos no espazo: representación e exploración con axuda de ferramentas dixitais.- Expresións alxébricas dos obxectos xeométricos no espazo: identificación dos elementos característicos e das ecuacións da recta e do plano no espazo. Paso dun tipo de ecuación a outra e selección da máis adecuada en función da situación para resolver.- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.- Modelización da posición e o movemento dun obxecto no espazo mediante vectores.- Estudo de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Representación mediante ferramentas dixitais.- Modelos matemáticos (xeométricos, alxébricos...) para resolver problemas no espazo. Conexións con outras disciplinas e áreas de interese.- Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Cálculo de áreas e volumes.- Conxecturas xeométricas no espazo: validación por medio da dedución e da demostración.- Pensamento computacional.- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía empregando as ferramentas ou os programas máis adecuados.- Crenzas, actitudes e emocións.- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.- Toma de decisións.- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.- Inclusión, respecto e diversidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

UD	Título da UD	Duración
5	Probabilidade e estatística	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación valorando a súa utilidade para compartir información.	Empregar correctamente a linguaxe da probabilidade e a súa simboloxía.	PE	90
CA4.3 - Resolver problemas en contextos matemáticos establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	Resolver problemas empregando as fórmulas da probabilidade		
CA4.4 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	Resolver problemas da vida real empregando o modelo de distribución binomial ou de distribución normal, aproximando a binomial pola normal no caso de que sexa necesario ($n > 30$)		
CA4.5 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Amosar coherencia nos resultados obtidos e xustificar os pasos realizados.		
CA4.7 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Resolver problemas amosando coherencia nos razoamentos e as conclusións		
CA5.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Sucesos. Operacións con sucesos. Axiomática de Kolmogorov. Coñecer o concepto de variable aleatoria e os distintos tipos de variable aleatoria (discreta e continua)		
CA5.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Saber calcular probabilidades en experimentos compostos empregando diagrama de árbol ou taboas de continxencia. Probabilidade condicionada e independencia de sucesos Distinguir con claridade entre sucesos compatibles e incompatibles e coñecer cando dous sucesos son independentes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	Coñecer o Teorema das Probabilidades totais e a fórmula de Bayes e a súa relación e como se emprega na resolución de problemas e na toma de decisións.		
CA5.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Saber identificar unha variable aleatoria de tipo binomial e as súas características máis importantes. Saber empregar a táboa da distribución normal. Aproximar a distribución binomial pola normal empregando a aproximación de Yates de medio punto.		
CA2.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Formular conxecturas nun contexto de resolución de problemas e comprobar a súa validez empregando a linguaxe da probabilidade e a estatística		
CA4.1 - Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Formular conxecturas nun contexto de resolución de problemas e comprobar a súa validez empregando a linguaxe da probabilidade e a estatística		
CA4.6 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Cálculo de probabilidades e de parámetros estatísticos empregando programas informáticos		
CA6.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	Valorar a importancia da linguaxe matemática para desenvolver unha linguaxe científica axeitada.		
CA6.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Analizar as solucións obtidas nos problemas partindo do erro como elemento esencial para a aprendizaxe.	TI	10
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Amosar unha actitude positiva cara ao traballo que se realiza na aula.		
CA6.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións sau	Valorar as aportacións dos e das compañeiras dende o respecto e a empatía		
CA6.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Xustificar os pasos realizados empregando con rigor a linguaxe da probabilidade e a estatística.		
CA6.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Realizar e transmitir as conclusións xustificadas dos resultados obtidos valorando a coherencia do proceso seguido na resolución dos problemas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Medición.
- A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretación subxectiva, clásica e frecuentista.
- Pensamento computacional.
- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía empregando as ferramentas ou os programas máis adecuados.
- Incerteza.
- Sucesos. Operacións con sucesos. Axiomática de Kolmogorov.
- Cálculo de probabilidades en experimentos compostos. Probabilidade condicionada e independencia entre sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia.
- Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza.
- Distribucións de probabilidade.
- Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución).
- Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas.
- Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Toma de decisións.
- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada terá como propósito básico: coñecer, analizar, explicar a realidade e predicir o seu comportamento. A metodoloxía basearase nunha aprendizaxe significativa baseada nos coñecementos previos do alumnado, ademais de ter en conta que os coñecementos adquiridos con anterioridade non deben darse por consolidados en moitos casos. Por iso é importante a realización de actividades iniciais co fin de detectar dificultades e facilitar a comprensión de conceptos. Ademais deste enfoque comprensivo das Matemáticas, a lóxica e o razoamento tamén estarán presentes no desenvolvemento dos contidos teóricos da materia. Para conseguir unha aprendizaxe significativa e permanente no tempo é preciso coñecer o grao de coñecemento do alumnado, a partir do cal poder deseñar actividades que favorezan a construción das novas aprendizaxes. Nas actividades será habitual propoñer exercicios e problemas que permitan poñer en práctica as ferramentas matemáticas que se desenvolven nesta materia .

As Matemáticas II terán un enfoque metodolóxico baseado na resolución de problemas que ten que permitir ter un escenario axeitado para facer matemáticas, facilitarase con este enfoque o razoamento e a análise de cuestións tanto da propia matemática como da ciencia e tecnoloxía A resolución de problemas favorece tanto a adquisición e comprensión dos conceptos matemáticos como a autoregulación do propio proceso cognitivo do alumnado, dado que éste ten que analizar as distintas estraatexias ou camiños de resolución o que implica a toma de decisións e por tanto ten que favorecer a autonomía do alumnado. Un enfoque de resolución de problemas achéganos á importancia do proceso seguido e non só ao resultado do problema, neste contexto é preciso valorar a importancia do erro como parte fundamental do proceso de aprendizaxe, en dito proceso o alumnado terá que analizar, interpretar resultados, formular conxeturas, argumentar, razoar e establecer conexións entres as distintas áreas das matemáticas na medida que isto sexa posible. Neste contexto o papel do profesorado seguirá tendo un papel de transmisor de coñecementos a través das súas explicacións de aula, pero tamén terá un papel importante de guía no proceso de aprendizaxe do alumnado.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e mais unha atención personalizada na medida do posible en función das necesidades de cada un.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pizarra tradicional e tiza.
Apuntes elaborados polo profesor (neste curso non hai libro de texto)
Boletíns de exercicios e problemas.
Folla de cálculo e programas informáticos de xeometría dinámica.
Calculadora
Internet e recursos na rede.
Caderno do alumnado

Os apuntes elaborados polo profesor teñen como obxectivo centrar a atención do alumnado na resolución de problemas e evitar coller apuntes de forma automática e se prestar atención aos contidos relevantes da materia e poder deixar un tempo de reflexión e análise para resolver problemas dentro do contexto matemático nos que se move o alumnado nesta materia. Os recursos dixitais teñen que promover a posibilidade de analizar, experimentar e comprobar a información ou usarse como ferramentas de cálculo. Tamén resulta interesante identificar páxinas web, canais de Youtube que teñen actividades interesantes para afondar nos coñecementos da materia. Hai que ser moi coidadoso na elección dos recursos dixitais e da web porque hai moitos que teñen deficiencias como argumentos pouco precisos ou procedementos incorrectos e non engaden mais valor que cambiar a tiza por un recurso dixital.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En cada grupo e a comezos do curso académico realizaranse unhas actividades de repaso do curso anterior para observar cal é o nivel previo dos alumnos/as para deste xeito ter unha maior conciencia do que é máis importante remarcar en cada unidade didáctica que teña relación con Matemáticas I. Dado que se comeza con Cálculo Diferencial, procederase a valorar o coñecemento que sobre as derivadas e as súas aplicacións ten o alumnado nesta parte da materia. Estas actividades iniciais complétanse coa observación directa do noso alumnado durante as primeiras semanas do curso para así poder contar cunha opinión máis exacta e individualizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

Realizaranse 2 probas escritas por trimestre: a primeira proba terá un peso do 25% e a segunda proba que incluíra os contidos da primeira proba terá un peso do 75%, no cómputo global as probas escritas terán un peso do 90%.

O 10% restante valorarase coa entrega e resolución de actividades e problemas onde o alumnado ten que reflectir

- A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- A interpretación da solución dos exercicios.

En relación cos exames e probas quedan fixadas, con carácter xeral, as seguintes pautas:

- O emprego, durante as probas, de métodos fraudulentos (uso de teléfono móbil, comunicacións dixitais...), así como a tenencia de calquera tipo de material de apoio (libros, apuntes, etc.) relacionados coa materia, esta será cualificada con cero.

- O alumnado deberá entregar as actividades e traballos que se lle manden no tempo e forma esixidos polo profesor. De non seguir estas indicacións, consideraranse nulas a efectos de cualificación.

- O alumnado terá dereito á realización dunha proba escrita, nunha data diferente da fixada para o grupo, por causa de forza maior (enfermidade, convocatorias inescusables...), e sempre debidamente xustificada (ver NOF). A nova data será concertada de mutuo acordo co profesor.

- É imprescindible presentarse a tódalas probas e, no seu caso, as recuperacións. Calquera proba non realizada, sen xustificación oficial, será cualificada con cero puntos.

A nota de cada avaliación será a suma do 90% da nota dos exames e o 10% da nota das actividades realizada polo alumnado, redondeándose a nota ao enteiro máis cercano.

Para obter a cualificación final do alumnado procederemos calculando a media das tres avaliacións, tomando a nota máis alta en cada caso, redondeando ao enteiro máis próximo. A materia considerase aprobada cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade nunha avaliación unha nota inferior a 5 terá dereito a unha recuperación que se realizará despois da sesión de avaliación correspondente, neste caso a nota da avaliación será o 90% da nota máis alta acadada entre a avaliación e a recuperación e o 10% descrito anteriormente, redondeando ao enteiro máis próximo

Para obter a cualificación final de cada alumno procederemos calculando a media das tres avaliacións ou recuperacións, tomando a nota mais alta en cada caso, redondeando ao enteiro mais próximo. A materia considerárase aprobada cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5

Para o alumnado que teña unha media das 3 avaliacións inferior a 5, avaliaranse as partes sen superar mediante a realización dunha proba final baseada nos contidos mínimos. Esta proba será nas últimas semanas do curso e a nota máxima que se pode acadar será de 5.

Cando un alumno/a non teña superada a materia en maio (nota final do curso inferior a 5) terá que presentarse á convocatoria extraordinaria no mes de xuño nas datas que determine o centro.

O alumnado poderá subir a nota de cada unha das avaliacións realizando un exame por avaliación que se fará o mesmo día que a recuperación, quedará como nota da avaliación o 90% da nota máis alta acadada entre a avaliación e o exame de subir nota máis o 10% descrito no apartado anterior. Non se realizará en ningún caso un exame global de subida de nota.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución, no maior grado posible, das competencias básicas e contidos mínimos necesarios e dos obxectivos da etapa. Non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que impida ó alumno ou alumna acadar eses obxectivos e a titulación correspondente. Entre as medidas de atención á diversidade, atópanse as medidas de apoio ordinario, e as medidas de apoio específico para o alumnado con necesidades educativas especiais, para o alumnado con altas capacidades intelectuais, e para os alumnos que se incorporan tardiamente ó sistema educativo.

A. Medidas curriculares: Reforzo educativo dentro da aula se é posible.

B. Medidas organizativas: Clases de recuperación e /ou reforzo para Bacharelato.

C. Medidas externas ao centro: * Aula Intercultural.

En tódolos niveis educativos atopámonos con alumnos/as con diferentes capacidades, intereses e motivacións. Desde a clase de Matemáticas prestaremos atención a esa diversidade para conseguir que cada alumno/a renda o máximo. Para iso seguimos o seguinte proceso:

1. Valoración inicial do alumnado, baseándose nun cuestionario inicial.
2. Rexistro de observacións por parte do profesorado das distintas dificultades que se observan.
3. Actividades de reforzo dirixidas ás persoas nas que se detecten dificultades.
4. Actividades de ampliación para as persoas nas que se detecte unha capacidade alta.
5. Avaliación do alumnado, da unidade e do proceso de aprendizaxe.
6. Comezo de novo do proceso indicado no segundo punto con outra unidade didáctica.

As medidas de apoio específico están dirixidas ó alumnado que presenten dificultades específicas de aprendizaxe, trastornos que inflúen no seu proceso de aprendizaxe ou altas capacidades. Nestes casos, contaremos co asesoramento do Departamento de Orientación para, a partir desa información e dos protocolos oficiais, poder deseñar as adaptacións e as estratexias que sexan necesarias en cada caso como por exemplo, cambios metodolóxicos, modificación do tempo na consecución dos obxectivos ou a adecuación dos criterios de avaliación en función das dificultades específicas que se presenten

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Educación para un consumo responsable	X				X
ET.2 - Educación ambiental e desenvolvemento sostible	X				X
ET.3 - Educación moral e cívica					X
ET.4 - Educación para a prevención da violencia, do racismo e da xenofobia	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.5 - Educación para a igualdade efectiva entre homes e mulleres	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional	X	X	X	X	X

Observacións:

Dende esta programación tamén se traballarán diferentes temas transversais co obxectivo fundamental de promover unha serie de valores que contribúan á formación e á madurez dos alumnos e das alumnas, preocupados pola sociedade na que viven, fomentando a súa integración social e realización individual, tanto intelectualmente como laboralmente. Entre outros valores traballaranse os seguintes:

- Aprender a ser responsable con un mesmo, coas tarefas a desenvolver, no consumo e na sociedade na que vivimos.
- Aprender a ser respectuoso/a con un mesmo, cos demais, co entorno e con todos os membros da sociedades independentemente do seu sexo, da súa raza e da súa condición sexual.
- Aprender a ser empático/a explicando a necesidade de ser quen de entender os/as demais, de poñernos no seu lugar, para así, fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade na que vivimos.
- Aprender a xestionar as emocións e autorregularse. Explicar a importancia do autoconñecemento para controlar os seus impulsos negativos e poder afrontar as dificultades cunha actitude máis positiva.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se realizarán actividades complementarias	Calendario apretado e moi esixente neste nivel	X	X	X

Observacións:

Para 2º de bacharelato na materia de Matemáticas II non se contempla a realización de actividades complementarias dada a extensión do currículo e o apretado do calendario escolar neste nivel

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para a aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Participación do alumnado. Combinación do traballo individual e colectivo
Clima de traballo na aula
Implicación do alumnado na realización das tarefas

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Comunicación coas familias e co resto do profesorado do proceso de ensino aprendizaxe
Outros
Comunicación inmediata dos resultados obtidos nas probas para resolver as dificultades presentadas

Descrición:

Práctica docente

É práctica habitual deste departamento tratar, nas reunións mensuais, a rendibilidade da nosa práctica docente para que o alumnado acade os obxectivos marcados. Temos moi pouco marxe de actuación nalgúns aspectos que consideramos moi importantes e, sen embargo non son considerados, suficientemente, polos que son responsables directos dos mesmos:

- apoio ao alumno no traballo diario fora de clase, cando o necesite, e controlar que realiza as tarefas, coa profundidade que requiren.
- intentar dar as clases a primeiras horas, cando o alumno está menos cansado para que poida seguir o razoamento continuado como as Matemáticas esixen e o tempo de clase non se perda en corrixir comportamentos dos alumnos que non deberían ser propios en estudos de secundaria e bacharelato pero que non obstante, a medida que avanza a xornada, o mal comportamento xeneralízase. A falta de atención e a falta de continuidade no traballo son factores determinantes na obtención de malos resultados.

Rúbricas para a reflexión e a avaliación da práctica docente

Ofrécense unha serie de instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento do ensino.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

9. Outros apartados